



JLMR

RESOLUCIÓN PRESIDENCIAL

EXPDTE	INSTRUCCIÓN DE SERVICIO RESPECTO DA PUBLICACIÓN DE ACTOS CON DATOS PERSOAIS E ANUNCIOS DE NOTIFICACIÓN	Ref.
Trámite	Resolución de aprobación novo Texto Refundido logo da publicación de Orientación das diferentes Axencias de Protección de datos.	

A 08.02.2019 dítase instrución por este deputado delegado respecto do asunto que se refire e logo da entrada en vigor da LO 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, co fin de establecer uns criterios xerais que permitan unha actuación uniforme por parte de todos os servizos nesta materia. Esta instrución rectificouse puntualmente o 14 do mesmo mes substituíndo a mención ao “portal web do Concello” pola correcta do “portal web da Deputación”.

Neste momento vense en publicar documento elaborado pola Agencia Española de Protección de Datos, a Autoridade Catalana de Protección de Datos, a Axencia Vasca de Protección de Datos e o Consejo de Transparencia e Protección de Datos de Andalucía. Dito documento, denominado “Orientación para la aplicación provisional de la disposición adicional séptima de la LOPDGDD”, ten por obxecto resolver as múltiples dúbidas que se formularon e propor un criterio provisional que:

*“... pretende, así mesmo, tratar de evitar que la adopción de fórmulas distintas en aplicación de la citada disposición pueda dar lugar a la publicación de cifras numéricas de los documentos identificativos en posiciones distintas en cada caso, posibilitando la recomposición íntegra de dichos documentos.”*

Criterio que recomendan se xeneralice ata o momento en que os órganos de goberno e Administracións competentes aproben disposicións específicas para a aplicación da sinalada disposicións adicional.

Polo tanto, e considerando o fin exposto de uniformidade na determinación de fórmulas que eviten acadar os números dos documentos identificativos coa súa comparación nas diferentes publicacións oficiais, rectifícase a Instrución do 08.02.2019 de tal forma que, refundindo as modificacións incorporadas, queda redactada no modo que a continuación se reproduce.

--- 0 ---

A harmonización entre o principio de transparencia, os trámites de publicidade e a protección de datos de carácter persoal obriga, como ten destacado diferentes organismos especializados, a ponderar e combinar os intereses presentes en cada caso. A aplicación práctica da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, así como da precedente LO 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, motivou diferentes pronunciamentos que veñen en matizarse, ou reforzarse, pola entrada en vigor do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos (RGPD en adiante), e a recente LO 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPDGDD en adiante). Esta última lei, de feito, remite directamente (tanto no seu preámbulo como no seu art. 1.a) ao RGPD, que considera o seu complemento ou desenvolvemento.

Esta instrución pretende dar unhas pautas a seguir nos trámites de publicidade nos expedientes que conteñan datos persoais, segundo a citada normativa.

Séguese, como base principal e en síntese, as seguintes previsións:

A disposición adicional sétima e os arts. 8 (xustificación do tratamento), 27 (infraccións e sancións administrativas); 15 e 93 (dereito ao esquecemento) da LOPDGDD.

O documento elaborado pola Agencia Española de Protección de Datos, a Autoridade Catalana de Protección de Datos, a Axencia Vasca de Protección de Datos e o Consejo de Transparencia e Protección de Datos de Andalucía, denominado "*Orientación para la aplicación provisional de la disposición adicional séptima de la LOPDGDD*".

Os arts. 9 e 10 do RGPD; 9 da LOPDGDD; 5.3 e 15 da Lei 19/2013, respecto dos datos especialmente protexidos.

O art. 19 da LOPDGDD respecto do tratamento dos relativos a empresarios individuais e profesionais liberais, e o seu alcance limitado á súa consideración como tales.

A estrita correspondencia entre os datos persoais que se obteñen (e publican) e a finalidade que xustifica a súa obtención e conservación (e mesmo publicación): art. 5 RGPD. Os apartados 3) e 6) da STJUE 13.05.2014 neste sentido.

O art. 25 do RGPD en canto medidas técnicas e organizativas destinadas á aplicación efectiva dos principios de protección de datos (do seu art. 5), como son a seudonimización; a minimización dos datos; o tratamento daqueles exclusivamente necesarios para os fins do tratamento, tanto respecto da cantidade de datos persoais recollidos, a extensión do seu tratamento, o seu prazo de conservación e a súa accesibilidade.

- O Criterio interpretativo 2/2015 conxunto do Consello de Transparencia e Bo Goberno (CTBG) e a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD), sobre aplicación dos límites do dereito á información.
- O art. 20.8 b) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións. Art. 12.3 c) da Ordenanza xeral de Subvencións da Deputación. O documento "Preguntas frecuentes" da Base de datos nacional de subvencións, no seu apartado 1.4 (publicidade de datos persoais), e na súa versión de 01.09.2017. A STS 09.03.2015 (Rec. 3552/2012), respecto á publicación dos datos de persoas discapacitadas en cuxa axuda se concede a subvención.
- Os Informes 0358/2015 da AEPT (respecto dos datos nos procesos selectivos; desindexación...) e 0240/2017 (publicación subvencións).
- A Recomendación 2/2008 da APD da Comunidade de Madrid (BOCM de 08.09.2008), especialmente no relativo á cancelación de oficio dos datos persoais publicados en sitios Web e noutros canles electrónicos ou telemáticos institucionais.

Por outra parte, tamén é de considerar a resolución do 02.05.2018 do deputado delegado de réxime interior, na que se sentaban uns criterios xerais de actuación, criterios que veñen en ser integrados nesta resolución, á vista da nova normativa. Así mesmo, tense en conta a Ordenanza de Transparencia desta Deputación, se ben os seus ámbitos de actuación son distintos, como se sinala na propia instrución.

Por resolución do 25.04.2016 a Presidencia dita resolución de delegación das súas competencias en materia de réxime interior no deputado Carlos López Font, na que se inxire esta instrución, instrución que parte da habilitación dada polo art. 6 da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

Por todo o exposto, a proposta da Secretaría Xeral (no exercicio da súa competencia inherente á precisada no art. 3.2 j) do RD 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional), segundo as funcións conferidas polo art. 34.1, nos seus apartados d) e h), da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, RESOLVO aprobar a seguinte:

JLMR

## RESOLUCIÓN PRESIDENCIAL

### INSTRUCCIÓN DE SERVIZO RESPECTO DA PUBLICACIÓN DE ACTOS CON DATOS PERSOAIS E ANUNCIOS DE NOTIFICACIÓN

#### Primeiro. Ámbito

Esta instrución non é de aplicación aos supostos da publicidade activa referida na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, e desenvolvida pola Ordenanza de Transparencia desta Deputación. O seu marco sitúase no curso dos procedementos administrativos, é dicir, dos anuncios ou publicidade que procedan como trámites en virtude da normativa reguladora de cada o procedemento. Isto sen prexuízo da súa aplicación complementaria ou por analogía na medida en que non se opoña á primeira.

Tampouco ten por obxecto o dereito ao acceso á información pública das persoas (Lei 19/2013, segundo o art. 13 da Lei 39/2014, do 1 de outubro), nin ao expediente dos interesados (art. 53 da última lei citada).

#### Segundo. Publicacións con datos persoais

Cando sexa necesaria a publicación de actos que contivesen datos persoais da persoa afectada, como, p.ex., asuntos a incluír nas actas de pleno, xuntas de goberno, procesos selectivos, becas, subvencións..., e sempre que non procedera a súa anonimización segundo o disposto nesta instrución, a súa identificación efectuarase mediante o seu nome e apelidos, engadindo catro cifras numéricas aleatorias do documento nacional de identidade, número de identidade de estranxeiro, pasaporte ou documento equivalente.

A publicación de tales documentos efectuarase da seguinte forma:

- Dado un DNI con formato 12345678X, publicaranse os díxitos que no formato ocupen as posicións cuarta, quinta, sexta e sétima. No exemplo: \*\*\*4567\*\*.
- Dado un NIE con formato L1234567X, publicaranse os díxitos que no formato ocupen as posicións, evitando o primeiro carácter alfabético, cuarta, quinta, sexta e sétima. No exemplo: \*\*\*\*4567\*.
- Dado un pasaporte con formato ABC123456, ao ter só seis cifras, publicaranse os díxitos que no formato ocupen as posicións, evitando os tres caracteres alfabéticos, terceira, cuarta, quinta y sexta. No exemplo: \*\*\*3456.
- Dado outro tipo de identificación, sempre que esa identificación conteña cando menos 5 díxitos numéricos, numeraranse ditos díxitos de esquerda a dereita, evitando todos os caracteres alfabéticos, e seguirase o procedemento de publicar aqueles caracteres numéricos que ocupen as posicións cuarta, quinta, sexta e sétima.
- Se ese tipo de identificación é distinto dun pasaporte e ten menos de 7 díxitos numéricos, numeraranse todos os caracteres, alfabéticos incluídos, co mesmo procedemento anterior e seleccionaranse aqueles que ocupen as posicións cuarta, quinta, sexta e sétima.

Os caracteres alfabéticos, e aqueles numéricos non seleccionados para a súa publicación, substituiranse por un asterisco por cada posición.

Nas propostas de acordos a adoptar polo Pleno e a Xunta de Goberno observaranse ditas previsións, co fin de evitar publicacións indebidas coas propias actas.

Estas regras tamén serán de aplicación na adxudicación de contratos a empresarios individuais ou profesionais liberais, salvo que o seu DNI ou documento de identificación conste publicamente no seu nome comercial.

### **Terceiro. Notificacións mediante anuncios**

Cando se trate da notificación por medio de anuncios, particularmente nos supostos de notificacións infrutuosas (ex art. 44 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas), identificarase á persoa afectada exclusivamente mediante o número completo do seu documento nacional de identidade, número de identidade de estranxeiro, pasaporte ou documento equivalente.

### **Cuarto. Regras comúns**

Cando a persoa afectada carecera de calquera dos documentos mencionados nos dous puntos anteriores, identificaráselle unicamente mediante o seu nome e apelidos.

Non obstante, cando se trate de procedementos que impliquen un número elevado de concurrentes, ou interesados, o nome e apelidos poderá completarse coa referencia ao número de rexistro de entrada da súa solicitude ou escrito, co fin de evitar coincidencias.

En ningún caso publicarse o nome e apelidos de maneira conxunta co número completo do documento nacional de identidade, número de identidade de estranxeiro, pasaporte ou documento equivalente.

Nas publicacións e anuncios omitiranse outros datos de carácter persoal (nomes, data de nacemento, teléfono, correo electrónico, dirección postal, número de contas bancarias, matrículas de vehículos, identificador dispositivo móbil, número de serie, dirección IP, circunstancias familiares ou calquera outra), sen prexuízo de que queden debidamente acreditados no expediente todos aqueles necesarios aos efectos que esixa o procedemento en cuestión.

### **Quinto. Supostos especiais de anonimización**

Non procederá a publicación da identidade das persoas cando esta se vincule ou relacione con datos especialmente protexidos. Enténdense por datos especialmente protexidos os que revelen a ideoloxía, afiliación sindical, conviccións relixiosas ou filosóficas, orixe étnico ou racial, saúde (na definición destes que contempla o art. 5.1 g) do Real Decreto 1720/2007), vida ou orientación sexuais, xenéticos ou biométricos e demais garantidos pola normativa específica. Tampouco procederá a publicación de datos que afectasen ao dereito ao honor, á intimidade persoal ou familiar das persoas físicas e á propia imaxe.

Neste sentido:

- Nas propostas de acordo que se remitan a Xunta de Goberno e, no seu caso, ao Pleno, relativas a expedientes que conteñan datos destas características, eliminarase calquera dato relativo ás persoas implicadas, identificándose os expedientes pola súa referencia.
- Tampouco procederá a súa identificación na publicación de axudas, becas ou subvencións relacionadas con datos deste tipo, publicación que se limitará á referencia do expediente, o número de beneficiarios e ao importe total.

Inclúense neste apartado os expedientes sancionadores ou de reposición da legalidade (salvo que a publicidade veña esixida como integrante da sanción ou autorizada por norma

JLMR

## RESOLUCIÓN PRESIDENCIAL

con rango de lei); subvencións ou axudas en atención a circunstancias relativas á saúde, vítimas de violencia de xénero, persoas en situacións de exclusión social, drogodependencias, axudas de carácter social de calquera tipo, etc.

Isto salvo no caso da súa notificación mediante anuncios respecto de expedientes sancionadores ou de reposición, e nos termos referidos no punto segundo desta instrución. De proceder a notificación por anuncios nos restantes supostos de anonimización, analizarase caso por caso.

Cando se trate de procedementos de concorrencia competitiva, ou selectivos de calquera clase (para o ingreso no emprego público; subvencións...) que afecten a datos especialmente protexidos, nas súas bases reguladoras advertirase:

- Nos procedementos selectivos para o ingreso no emprego público que, respecto das persoas que participen nas quendas por discapacidade, se identificarán mediante o número completo do seu documento nacional de identidade, número de identidade de estranxeiro, pasaporte ou documento equivalente, salvo que previa e expresamente manifesten o seu consentimento á publicación do seu nome completo, caso no que se identificarán de acordo co sinalado no punto primeiro desta instrución.
- Nos restantes casos, a identificación procederá exclusivamente pola referencia ao número de rexistro de entrada da solicitude, ou por unha clave previamente dada polo servizo xestor e comunicada exclusivamente á persoa destinataria.

Iguais regras seguiranse de non terse recollido nas bases reguladoras, advertindo do sistema de identificación seguido non anuncios correspondentes.

### **Sexto. Duración dos anuncios nos que se inclúan datos persoais das persoas físicas**

Cada servizo solicitará e comprobará a eliminación do portal web da Deputación, da súa sede electrónica, taboleiro electrónico ou de edictos papel, daquela información que conteña datos de carácter persoal e cuxa publicación xa deixara de servir aos efectos aos que serviu, como poden ser as diferentes relacións nominais nos procedementos selectivos de empregados públicos ou que impliquen concorrencia competitiva de calquera tipo, relacións de propietarios e bens nos procesos expropiatorios, anuncios previos á obtención de autorizacións por parte da Deputación, etc.

Neste sentido, como regra xeral, finalizado o procedemento de referencia e transcorridos os prazos de recurso, dita información retirárase dos sitios sinalados. O momento da publicación, e retirada, acreditarase mediante sistema de selado de tempo, de ser posible ou encontrarse habilitado. No seu defecto, a través de dilixencia debidamente incorporada ao expediente. A dilixencia estenderase identificando o "documento anuncio" e asinarase pola Secretaría xeral, coa sinatura á marxe da persoa responsable do servizo xestor, sen prexuízo das posibilidades de delegación, no seu caso.

Iguais criterios seguiranse respecto das solicitudes de particulares respecto dos seus propios datos, no exercicio do seu dereito de oposición ou ao esquecemento, logo de resolución na que se analice e actúe ao respecto.

Lémbrese de novo que esta instrución non é de aplicación, senón supletoriamente, aos supostos de publicidade activa regulados pola Ordenanza de Transparencia da Deputación.

Neste sentido e respecto da información a publicar segundo a mesma, haberá que estar ao seu art. 13.

### Sétimo. Desindexación dos anuncios

En todo caso, as publicacións efectuadas no BOPPO, portal web ou sede electrónica provincial, efectuaranse desindexadas, de tal forma que non sexa acadable mediante navegadores ou buscadores a través de internet.

Solicítase tal desindexación nos anuncios que procedan, no seu caso, noutros diarios oficiais.

--- 0 ---

Esta instrución haberá de observarse desde o día seguinte á súa publicación na intranet corporativa, sen prexuízo da súa remisión por correo electrónico a todas as xefaturas de servizos.

Déixanse sen efecto as regras contidas na resolución deste deputado do 08.02.2019.

Calquera dúbida que poda presentarse respecto dos seus contidos, ou supostos similares, poderá dirixirse á Secretaría Xeral.

Pontevedra, 05.03.2019

O deputado delegado de Economía, Facenda e Réxime interior.

Carlos López Font

O secretario,

Carlos Cuadrado Romay



XEFATURAS SERVIZOS. DIRECTORES/AS XERAIS